FEDERACIÓN GALEGA
DE TENIS DE MESA
Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Web: www.fgtm.es
E-mail: secretaria@fgtm.es
CIF: V15149453

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

DEPORTE
GALEGO

CIRCULAR Nº 3 TEMPORADA 2022/23

NORMATIVA DAS LIGAS:

- 3ª NACIONAL MASCULINA
- 1ª GALEGA
- 2ª GALEGA
- 2ª NACIONAL FEMENINA

A organización da liga de *3ª Nacional Masculina* corresponde á Federación Galega de Tenis de Mesa (FGTM) por delegación da Real Federación Española de Tenis de Mesa (RFETM).

A normativa específica que se publica para o desenvolvemento desta liga e as de 1ª Galega, 2ª Galega e 2ª Nacional Femenina adáptase, con carácter xeral, ás normas emanadas do Regulamento Xeral da RFETM e á normativa común para todas as divisións de ligas nacionais que se desenvolve na circular correspondente.

3ª NACIONAL MASCULINA

Liga regular a *dobre volta*.

30 equipos participantes, divididos en 3 grupos por proximidade xeográfica, quedando distribuídos da seguinte forma:

1. Grupo Norte: 10 equipos.
2. Grupo Centro: 10 equipos.
3. Grupo Sur: 10 equipos.

Ascenderán a *2ª Nacional Masculina* tantos equipos como fosen necesarios para completar o cupo desta división outorgado pola RFETM. O rango oscila entre os 3 e 5 equipos.

Tendo en conta o anterior, ascenderán directos os 1º clasificados. Para cubrir o resto de prazas vacantes, teríanse en conta os 2º, 3º, 4º, etc., clasificados, seguindo os *criterios de ordenación* que se detallan nas normas comúns.

Descenderán a *1ª Galega* os 2 últimos clasificados de cada grupo.

Para disputar a liga de 3ª Nacional Masculina fan falta un total de 5 *licencias estatais* ou 4 si o club ten máis equipos en divisións nacionais masculinas (3ª Nacional Masculina ou superior).

1ª GALEGA

Liga regular a *dobre volta*.

30 equipos participantes, divididos en 3 grupos por proximidade xeográfica, quedando distribuídos da seguinte forma:

1. Grupo Norte: 11 equipos.
2. Grupo Centro: 09 equipos.
3. Grupo Sur: 10 equipos.

Ascenderán a *3ª Nacional Masculina* tantos equipos como fosen necesarios para completar o cupo desta división, tendo en conta os ascendidos e descendidos de 2ª/3ª Nacional Masculina.

Tendo en conta o anterior, ascenderán directos os 1º clasificados. Para cubrir o resto de prazas vacantes, teríanse en conta os 2º, 3º, 4º, etc., clasificados, seguindo os *criterios de ordenación* que se detallan nas normas comúns.

Descenderán a *2ª Galega* os 2 últimos clasificados de cada grupo.

Para disputar a liga de 1ª Galega fan falta un total de 5 *licencias galegas* ou 4 si o club ten máis equipos en divisións galegas masculinas (1ª ou 2ª Galega).

2ª GALEGA

Liga regular a *dobre volta e por concentracion*

De inscripción libre, inscribíronse ***29 equipos***, divididos en 3 grupos por proximidade xeográfica, quedando distribuídos da seguinte forma:

1. Grupo Norte: 10 equipos (Por concentracion a dobre volta))
2. Grupo Centro: 9 equipos (Por concentracion a dobre volta)
3. Grupo Sur: 10 equipos (Liga regular a dobre volta)

Ascenderán a *1ª Galega* tantos equipos como fosen necesarios para completar o cupo desta división, tendo en conta os ascendidos e descendidos de 2ª/3ª Nacional Masculina e 1ª Galega.

Tendo en conta o anterior, ascenderán directos os 1º clasificados. Para cubrir o resto de prazas vacantes, teríanse en conta os 2º, 3º, 4º, etc., clasificados de 2ª Galega, logo os descendidos de 1ª Galega e, por último, os equipos de nova creación, seguindo os *criterios de ordenación* que se detallan nas normas comúns.

Para disputar a liga de 2ª Galega fan falta un total de 5 *licencias galegas* ou 4 si o club ten máis equipos en divisións galegas masculinas (1ª ou 2ª Galega).

2ª NACIONAL FEMININA

A organización desta liga será *por concentracións a dobre volta*, por zonas e grupos, tendo en conta os equipos inscritos.

Liga de inscrición libre, na que os equipos participantes se dividirán en grupos de ata 12 equipos, por proximidade xeográfica.

O *sistema de xogo* será o Corbillón (2 a 4 xogadoras por encontro), finalizando o encontro cando un dos equipos alcance as 3 partidas gañadas.

Poderán xogar en *1ª Nacional Femenina* os equipos que o desexen por medio de inscripción directa.

Para disputar esta liga fan falta 4 *licencias nacionais* ou 3 si o club ten máis equipos en divisións nacionais femeninas (2ª Nacional Femenina ou superior).

NORMAS COMPLEMENTARIAS E COMUNS

1. Establécense uns *criterios de ordenación* para determinar a posición dos equipos á hora de facer efectivos os ascensos/descensos. Estes criterios son independentes do nº de equipos que formen cada grupo dunha división ou do nº de encontros disputados e seguen a orde que se relaciona a continuación:
   a. Posto no grupo.
   b. Coeficiente entre puntos de encontro gañados e encontros disputados.
   c. Coeficiente entre partidas gañadas e perdidas.
   d. Coeficiente entre xogos (sets) gañados e perdidos.

e. Maior nº de equipos no grupo.
f. Sorteo.

2. Os equipos participantes na liga de 3ª Nacional Masculina interesados en *ascender a 2ª Nacional Masculina*, deberán comunicalo á FGTM no prazo de 2 semanas logo de finalizada a liga.

3. O número *mínimo de licencias de delegados e adestradores* a tramitar por un club será o seguinte:

   a. 1 delegado.
   b. 1 adestrador titulado.

4. Todos os encontros das ligas de 3ª Nacional Masculina, 1ª Galega, 2ª Galega e 2ª Nacional Femenina deben ter *árbitro* designado.

5. Nos partidos de 3ª Nacional Masculina e 1ª Galega os árbitros deben exercer a súa labor co *uniforme oficial*.

6. Os árbitros de 3ª Nacional Masculina deben ter *licencia nacional*.

7. O *sistema de xogo* a empregar en todas as divisións (excepto 2ª Nacional Femenina) será o Swaythling Reducido, finalizando cando un dos equipos acade os 4 puntos (excepto na 2ª Galega que se xogarán os 7 partidos).

8. A *orde de enfrontamentos* é a seguinte:

Equipo 1	A	B	C	DOBRES	A	C	B
Equipo 2	Y	X	Z		X	Y	Z

9. En cada encontro se darán as seguintes *puntuacións*:

   a. Partido ganado: 2 Puntos.
   b. Partido perdido: 0 puntos.

   En caso de incomparecencia, encontros inacabados, ou circunstancias irregulares, resolverá o Comité de Competición (Xuíz Único).

10. O equipo local entregará ó árbitro en concepto de *dietas de arbitraxe*:

    a. 28,80 € en 3ª Nacional Masculina.
    b. 15,00 € en 1ª Galega.
    c. 10,00 € en 2ª Galega/2ª Nacional Femenina.

11. Rexerán os seguintes *horarios* para os encontros:
    a. En días festivos e domingos poderán dar comezo a partir das 9:00 horas.
    b. Os sábados a partir das 16:00 horas.
12. Poderanse *modificar tanto o día como os horarios* sinalados no calendario (mentres sexa dentro da xornada correspondente), sempre que se cumpra o establecido nos apartados seguintes:
    a. Teña a conformidade do equipo visitante.
    b. Avise con 48 horas de antelación ó Delegado Zonal de Árbitros.
13. Soamente en casos de forza maior se permitirán os *aprazamentos* de encontros, para o cal, os dous equipos terán que enviar ó Xuíz Único (con 7 días de antelación á data de celebración do encontro), a seguinte *documentación*:
    a. O equipo interesado:
        - Solicitude de aprazamento do encontro.
        - Motivo polo que se pide o aprazamento.
        - Data alternativa.
    b. O equipo rival:
        - Consentimento do aprazamento.
        - Confirmación da data alternativa.

    O Xuíz Único decidirá en base ós argumentos esgrimidos se procede ou non o aprazamento do devandito encontro, para o que, remitirá á secretaría da FGTM e ós dous equipos implicados un escrito coa *resolución* que adopte.
14. Os *locais de xogo* onde se celebren os encontros deberán cumprir as seguintes condicións mínimas:
    a. A iluminación terá unha intensidade de 600 lux sobre a superficie e de 400 lux no resto da área de xogo.
    b. As medidas da área de xogo deben ser:
        - 10 x 5 x 3 metros (largo x ancho x alto) en 3ª Nacional Masculina e 2ª Nacional Femenina.
        - 9 x 5 x 3 metros (largo x ancho x alto) en 1ª e 2ª Galega.
    c. A área de xogo debe contar con chan uniforme, sen obstáculos e estar delimitada en todo o seu contorno por valos regulamentarios.
15. Os clubes deberán dispor da seguinte *equipación nos locais de xogo*:

a. Mesa de xogo, en condicións regulamentarias, de calquera das marcas oficiais ITTF para ligas nacionais.
b. Mesa e cadeira para o árbitro.
c. Bancos ou cadeiras, para cada un dos equipos.
d. 6 pelotas novas das regulamentarias para a liga que corresponda.
e. 1 marcador.

16. Os clubes locais deben *abrir as instalacións* de xogo polo menos 30 minutos antes do comezo do encontro coa fin de que os equipos poidan adestrar.

17. Os equipos presentaranse a xogar debidamente *uniformados*, debendo utilizar todos os xogadores dun mesmo equipo, camisetas ou polos do mesmo tipo, modelo e cor.

18. O equipamento deberá estar autorizado oficialmente autorizadas pola ITTF:

a. Listado de mesas.
b. Listado de pelotas.
c. Listado de gomas.
d. Listado de redes.

19. O presidente do Comité Galego de Árbitros delegará nos clubes locais ou delegados zonais de árbitros a *designación dos árbitros* que actuarán en cada encontro.

20. Os árbitros farán constar o seu *nº de licencia* na acta do encontro.

21. *Árbitros zonais*:

a. Se a localidade de residencia do árbitro estivese a 10 km ou máis do local de xogo, abonaránselle gastos de kilometraxe (0,19 €/km percorrido).
b. Se o desprazamento é superior a 100 km (ida e volta), ademais do sinalado no punto anterior, o club local abonará ó árbitro unha dieta de 12 €.

22. *Árbitros non zonais*:

a. Os clubes poderán solicitar ó Comité Galego de Árbitros, cun mínimo de 10 días de antelación á data prevista para a celebración do encontro, un árbitro de zona diferente á do seu adversario. Neste caso o club solicitante abonará ó árbitro os gastos de kilometraxe establecidos no punto anterior e ademais a cantidade de 30 € en concepto de dieta.
b. O Comité Galego de Árbitros poderá designar en calquera momento un árbitro de zona distinta á do equipo local. Neste caso o club local abonará só os dereitos de arbitraxe fixados.

23. A *subida dos resultados* á aplicación informática da web da FGTM será realizada polo delegado do equipo local antes das 22:00 horas do domingo da fin de semana na que se dispute a xornada, debendo subir o resultado global e os parciais de todos os partidos do encontro, cos xogadores participantes.

24. O equipo que non suba a acta do encontro nos termos previstos terá unha *sanción* de 3 € por cada unha.

25. Con respecto á actuación dos árbitros coas *actas dos encontros*:

    a. Será enviada antes do mércores da seguinte semana, vía e-mail a: actasligas@gmail.com.
    b. Entregará outra copia impresa ou en formato electrónico por email ós equipos local e visitante.
    c. Quedarase co orixinal para envialo por email e para posibles comprobacións futuras.

26. Os clubes locais entregarán en concepto de custodia antes do comezo de cada encontro o seguinte *material ós árbitros*:

    a. Seis pelotas.
    b. Actas oficiais.

    O incumprimento desta norma non impedirá a celebración do encontro, pero deberá ser notificado polo árbitro para que poidan ser tomadas as medidas regulamentarias.

27. En tódolos encontros de 3ª Nacional Masculina, 1ª Galega, 2ª Galega e 2ª Nacional Femenina, utilizaranse os *modelos oficiais de actas* que se encontra na páxina web da FGTM.

28. En caso de *non comparecencia do árbitro* do encontro, e unha vez pasados quince minutos da hora fixada para o comezo, os delegados dos equipos contendentes elixirán de mutuo acordo e entre os presentes a unha persoa que polos seus coñecementos poidan desempeñar as funcións arbitrais; caso de non existir acordo, a elección farase por sorteo entre os candidatos propostos por ambos. A persoa elixida deberá cumprir todas as funcións arbitrais incluíndo informe arbitral detallando os feitos ocorridos.

    No caso de que o árbitro se presentase con posterioridade ó comezo do encontro e durante o seu desenvolvemento, continuará o que iniciou o encontro, percibindo a compensación estipulada. Será o Comité Galego de Disciplina Deportiva (Xuíz Único) quen, á vista das súas alegacións, decidirá as medidas disciplinarias a tomar.

29. En caso de *non comparecencia dalgún equipo*:

a. Se se trata do *equipo visitante*, os árbitros agardarán á súa presentación ata 30 minutos logo da hora oficial de comezo do encontro. Cumprido este prazo pode procederse á firma do acta por parte do capitán do equipo local. Neste caso, o espazo destinado ó resultado complementarase coas siglas N/P (non presentado). Será o Comité Galego de Competición (Xuíz Único) quen decida o resultado do encontro. No caso de que o equipo visitante se preséntase dentro da media hora de espera, deberá xustificar ante o árbitro a causa do atraso para que este o inclúa no seu informe ó Comité Galego de Competición (Xuíz Único).
b. En caso de que sexa o *equipo local*, tomaranse as mesmas decisións, excepto no tempo de espera que será de só 15 minutos.

30. *Solicitude de licencias*:

a. Deberanse seguir os trámites sinalados pola FGTM por medio das circulares ou outras publicacións na páxina web oficial.
b. Para a liga de 3ª Nacional Masculina, 1ª Galega, 2ª Galega e 2ª Nacional Femenina deberán ter entrada na FGTM con, polo menos, 7 días de antelación á data de comezo das súas ligas.

31. A *tramitación de licencias* de xogadores, delegados e adestradores poderanse facer na aplicación da RFETM ata o 31 de agosto de 2023.

32. Antes do sorteo de letras, os capitáns presentarán ó árbitro as *licencias dos xogadores* que poderán intervir no encontro, debendo estes atoparse xa presentes.

33. Para que o encontro dea comezo é imprescindible a *presencia de 3 xogadores* por equipo, aínda que se admiten estas dúas excepcións:

a. Cando unha vez sorteados os 3 xogadores, un deles sufrise lesión no adestramento previo ou no transcurso do encontro e esta lle impedise seguir xogando.
b. Cando o equipo visitante emprendese viaxe desde a súa ou as súas localidades de orixe e durante o traxecto, un dos xogadores sufrise lesión, enfermidade ou calquera outra circunstancia excepcional que lle imposibilitase xogar. Neste caso deberá ser presentada a licencia do xogador e os seus partidos perderaos por N/P.

34. Se un xogador *non presentase licencia* pode ser aliñado presentando o seu DNI ou documento xustificativo da súa identidade. Ante a falta destes, o xogador poderá ser aliñado baixo a exclusiva responsabilidade do seu club. A falta de licencia será especialmente resaltada polo árbitro a fin de dar conta ó Comité de Disciplina Deportiva (Xuíz Único).

35. *Aliñacións* en cada encontro:

    a. Aliñar polo menos 2 xogadores nacionais nos partidos individuais.
    b. Na liga de 3ª Nacional Masculina deberán formar parte da aliñación inicial 2 xogadores masculinos. Queda polo tanto autorizada a aliñación de xogadoras de calquera categoría de idade na 3ª Nacional Masculina, sempre que a xogadora teña estatus de División de Honra ou inferior.
    c. Os equipos que aliñen en 3ª Nacional Masculina a 1 xogadora PODERÁN ascender a 2ª Nacional Masculina.
    d. Nas ligas de 1ª e 2ª Galega poderán aliñarse xogadoras de calquera categoría de idade, sempre que teñan status de 1ª ou 2ª Nacional Femenina.
    e. Nas ligas de 1ª e 2ª Galega, poderán participar equipos femeninos, que participen en 1ª ou 2ª Nacional Femenina.
    f. Os xogadores de categoría de idade Sénior e Veterano, no momento que disputen en suma 2 encontros en divisións superiores, non poderán participar nunha división inferior. Por exemplo: se un xogador disputa 1 encontro en 3ª Nacional e 1 encontro en 1ª Galega, xa non podería participar en 2ª Galega, pero si en 1ª Galega; se ese mesmo xogador disputara 1 encontro máis en 3ª Nacional, pasaría nese momento a non poder participar en 1ª Galega tampouco.
    g. Os xogadores de categoría de idade Sub-23, Xuvenil, Infantil, Alevín, Benxamín ou Pre-Benxamín, no momento que disputen en suma 6 encontros en divisións superiores, non poderán participar nunha división inferior. Por exemplo: se un xogador disputa 4 encontros en 3ª Nacional e 2 encontros en 1ª Galega, xa non podería participar en 2ª Galega, pero si en 1ª Galega; se ese mesmo xogador disputara 2 encontros máis en 3ª Nacional, pasaría nese momento a non poder participar en 1ª Galega tampouco.
    h. Un xogador soamente poderá xogar nunha categoría por xornada.
    i. Unha xogadora soamente poderá xogar en 1ª ou 2ª Galega e, á súa vez, nunha liga femenina, sempre que non coincidan no día oficial de xogo.

36. As *licencias de adestradores e delegados* son os únicos documentos que facultan ós seus titulares para ocupar o banco correspondente reservado a eles e ós xogadores nos encontros do seu club nas ligas de 3ª Nacional Masculina, 1ª Galega e 2ª Galega.

37. A *validez das licencias federativas* durará toda a temporada en que sexa solicitada, tendo vixencia dende o día 1 de setembro ata o día 31 de agosto do ano seguinte.

38. As *reclamacións por incidencias* ocorridas no transcurso dun encontro deberán realizarse dentro das 72 horas seguintes á súa celebración, mediante escrito dirixido á FGTM.

39. O capitán que *proteste unha acta*, soamente deberá asinar no espazo destinado a tal fin, e non nos recadros de capitán vencedor ou capitán perdedor.

40. Cando un xogador reciba *cartón vermello* no transcurso dun encontro, o seu club non poderá aliñalo de novo ata que non teña resolución do Xuíz Único.

41. Se un *equipo se retira* da competición:

    a. Se esta se produce na 1ª volta descontaranse a efectos de clasificación os resultados dos encontros que disputase.
    b. Se a retirada se produce na 2ª volta só se descontarían os resultados dos encontros da 2ª volta, pero non os da 1ª.

42. Establécense *sancións* para os seguintes casos que incumpran a normativa (sen prexuício do que, no seu caso, determine o Xuíz Árbitro):

    a. Aliñación indebida: sanción económica de 50 € e perda de 2 puntos.
    b. Incomparecencia: sanción económica de 100 € por encontro non disputado.
    c. Baixas de equipos: sanción económica de 200 € se se producen unha vez feita a inscripción formalmente.

43. Para as *normas xerais non contempladas* nesta circular estarase ó disposto no Regulamento Xeral da RFETM, na normativa de Liga Nacionais e resto de normativa aplicable.

APÉNDICE 1

1. Nos calendarios non están contemplados os ***dobres desprazamentos***. Non obstante, autorízase a que se podan efectuar (sempre dentro do mesma localidade) se os clubes se poñen de acordo.

   O único requisito para poder efectuar dobre desprazamento será comunicalo ó Comité de Actividades cunha antelación de 48 horas.

   No caso de non comunicalo, o encontro disputado nunha data distinta da que aparece no calendario terase por non disputado.

   Tamén se autoriza a que, previo acordo entre os clubs, se poida ADIANTAR calquera partido, previa comunicación ó Comité de Actividades.

Cambados, 4 de Outubro de 2022